



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
E A FUNDACION ACCIÓN CONTRA EL HAMBRE
PARA O DESENVOLVEMENTO DO
PROXECTO VIVES EMPREGA 2019

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A FUNDACIÓN ACCIÓN CONTRA EL HAMBRE PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO VIVES EMPREGA 2019

Vilagarcía de Arousa, a xxxxx de 2019

REUNIDOS

Dunha parte

D. Alberto Varela Paz, en calidade de **Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa**, actuando no seu nome e representación

E de outra

D. Luis González Muñoz, en nome e representación de **FUNDACIÓN ACCIÓN CONTRA EL HAMBRE**, de nacionalidade española, con CIF nº G-81164105, e domicilio na rúa Duque de Sevilla, 3. La fundación constitúuse o 28 de febreiro de 1995 e atópase inscrita no Rexistro do Ministerio de Saúde, Servizos Sociais e Igualdade co número 28-0968. Exercendo a súa representación en virtude do seu cargo de Director de Acción Social en España e Cooperación Descentralizada, para o que foi nomeado co poder outorgado ante o Notario de Madrid D. Rafael Vallejo Zapatero baixo o número 180 do seu Protocolo.

Ademais da forma abreviada para referirse a sendos contratantes, poderase denominar ao Concello de Vilagarcía de Arousa e á Fundación Acción contra el Hambre, de forma conxunta, como as «**Partes**» e, de maneira individual, como a «**Parte**».

As Partes recoñécense mutuamente capacidade legal para subscribir o presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

- I. Que é un concello caracterizado por ter una poboación estable e un tecido económico vinculado en grande medida ao sector servizos, no que se concentran arredor do 74% das afiliacións á Seguridade Social de persoas traballadoras do municipio. Non obstante, nos últimos anos experimentou un notable crecemento da poboación desempregada fundamentalmente no sector da construcción e da industria. De acordo aos últimos datos publicados pola Consellería competente en materia de Emprego o número de persoas desempregadas neste concello é de 2.261.

- II. Que o municipio de Vilagarcía de Arousa tamén contempla entre as súas sináis de identidade o impulso decidido por promover as entidades asociativas, as fórmulas de colaboración asociativas e institucionais e, en xeral, metodoloxías de traballo e intervención municipal que centran nas persoas a creación de propostas e solucións ás necesidades sociais, laborais, de convivencia e de diverso tipo.
- III. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Benestar Social e Igualdade, ten como prioridade atender as necesidades básicas de persoas e familias. Estas necesidades mudan co tempo e na situación actual, ademais de atender as situacións carencias habituais, traen engadida a obriga de mitigar as repercuśóns da crise económica na que vivimos, intentando que a escaseza de recursos económicos non provoquen procesos de exclusión social.
- IV. Que a Fundación Acción contra el Hambre (ACH) ten como misión salvar vidas eliminando a fame a través da prevención, a detección e o tratamiento da malnutrición. Recentemente incluíu nas súas actividades a acción social en España especialmente dirixida á creación e desenvolvemento de programas de apoio ás persoas desempregadas e en risco de exclusión social.
- V. Que ACH desenvolve desde xaneiro de 2013 Vives Proyecto, unha iniciativa cuxo obxectivo é fortalecer as estratexias de resiliencia de familias que se atopan en situación de risco de exclusión socio laboral, motivado principalmente pola situación de desemprego e que estivo cofinanciado polo Fondo Social Europeo dentro do Programa Operativo de loita contra a Discriminación 2007-2013, na actualidade programa financiado polo Fondo Social Europeo dentro do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020 (POISES).
- VI. A ampla experiencia de ACH no desenvolvemento de proxectos de inclusión sociolaboral de persoas en dificultade no marco de Vives Proyecto, e os resultados acadados dende 2013 dan conta da solvencia da Fundación para a realización deste proxecto e abalan a sinatura do presente convenio de colaboración. Como mostra da actual capacidade de xestión da entidade na área da inclusión sociolaboral de persoas en risco de exclusión a través da posta en marcha de itinerarios de emprego por conta propia e allea cabe destacar (datos a 1 de setembro de 2018):
 - 8.825 persoas beneficiarias en España.
 - 2.328 insercións laborais.
 - 324 negocios creados.

- 90 proxectos en marcha.
- 10 comunidades autónomas con proxectos en marcha: Asturias, Galicia, Navarra, Cataluña, Extremadura, Madrid, Castilla La Mancha, Murcia, Comunidad Valenciana e Andalucía.
- 170 persoas empregadas no Departamento de Acción Social.

VII. Concretamente en Galicia a Oficina de Acción Social empezou a funcionar a finais de 2015 e dende esa data os resultados son os seguintes (datos a 1 de setembro de 2018):

- 719 persoas beneficiarias.
- 51% de inserción laboral.
- 21% de inserción formativa.
- 11% de creación de negocio.

Ademáis dos resultados cuantitativos, a nivel cualitativo acadáronse importantes obxectivos a nivel persoal e social, en termos de mellora de competencias, traballo en equipo e desenvolvemento persoal, que cobran, se cabe, unha maior importancia cando as persoas destinatarias dos programas son persoas en risco de exclusión sociolaboral. De xeito particular o efecto transformador do presente proxecto ten resultados en tres ámbitos que se complementan e potencian entre si:

- **Transformación das persoas usuarias a nivel persoal**, xa que a través do fortalecemento das súas competencias persoais, sociais y laborais van conseguir modificar as súas vidas, elixir o rumbo que queren seguir e actuar para obter os seus obxectivos.
- **Transformación da sociedade** debido a que este proxecto presenta unha nova forma de enfrentar a situación de desemprego que sufre o país, unha nova metodoloxía con resultados moi positivos que permitirá replicar o proxecto e impactar socialmente. Ademais, ao tratarse dun proxecto integrador, vai permitir fortalecer e mellorar as relacións entre os axentes implicados nas zonas determinadas, permitindo unir sinerxias e compartir recursos.

- Por último, conseguirase unha transformación nas relacións entre as persoas desempregadas e o mundo laboral, onde as usuarias van descubrir e construír de forma conxunta novas formas de presentarse ás empresas, novas formas de emprender e novas formas de mellorar a empregabilidade.

Como resultado VIVES EMPLEA logrou o recoñecemento como Boa Práctica polo el Fondo Social Europeo e pola Rede de Inclusión Social. Ademáis, en outubro de 2016, a Comisión Europea seleccionou VIVES EMPLEA como finalista dos premios RegioStars entre máis de 120 candidaturas, destacando como un dos catro melhores proxectos de inclusión e sendo o único proxecto español seleccionado. O galardón, supón un recoñecemento internacional á capacidade do proxecto para promover o crecemento inclusivo para todas as persoas e a súa creatividade no uso de los fondos que a Unión Europea destina a Acción contra el Hambreno marco do Programa Operativo de Inclusión Social e da Economía Social 2014-2020.

- VIII. Que o convenio que a continuación se describe, circunscribese aos programas que se desenvolven VIVES PROYECTO, programa financiado na actualidade polo Fondo Social Europeo dentro do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020 (POISES).
- IX. Que ambas partes, conscientes do problema social que supón o desemprego en España desexan colaborar activamente en proxectos de apoio ás persoas desempregadas e aos emprendedores. Establecida esta vontade acordan a posta en común de coñecementos e estratexias para xerar proxectos conxuntos e concretos.
- X. Que no seu Artigo 31, de fomento da iniciativa social, a lei 13/2008, indica “o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ao carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica (...).” Establece ademais a posibilidade de subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

- XI. Que a subvención que se tramita está vinculada con actividades de interese público, social e humanitario, tratándose de subvencións que polas súas características especiais recollidas nos puntos anteriores en relación ao proxecto concreto non poden ser obxecto de convocatoria pública.
- XII. Que quedará acreditado o interese público, social, económico e humanitario da subvención a través da memoria presentada pola entidade xunto coa documentación xustificativa.
- XIII. Que, en virtude do exposto, as Partes decidiron de mutuo acordo e recoñecéndose liberdade e capacidade para elo, outorgar o presente Convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación Acción contra el Hambre (en diante, o «Convenio»), de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIONES

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto do Convenio consiste en establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación Acción contra el Hambre concretándoas en relación ao Proxecto VIVES EMPREGA, incluído dentro das accións de VIVES PROYECTO, que ten por obxectivo mellorar a empregabilidade de persoas en risco de exclusión socio laboral para facilitar o seu acceso ao emprego e ao autoemprego mediante o fomento do espírito emprendedor, conforme aos dereitos e obligacións que se concretan seguidamente.

O mencionado proxecto desenvolverase de acordo coas especificidades descritas no Anexo I. Descripción Vives Emprega, onde se indican los obxectivos, metodoloxía, persoas participantes e temporalidade. O proxecto de Vives Emprega desenvolverase nos meses de xaneiro a decembro de 2019.

O número de edicións do Proxecto Vives Emprega a realizar no municipio, quedará condicionado ás resolucións de cofinanciamento que obteña a Fundación Acción contra el Hambre mediante diferentes convocatorias, destacando a elección como Operador Privado do Fondo Social Europeo dentro do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020 (POISES).

SEGUNDA.- Financiamento

1. O Concello de Vilagarcía de Arousa fará una achega económica de 17.319,36 € á Fundación Acción contra el Hambre, en concepto de cofinanciación do Proxecto Vives Emprega, para o desenvolvemento dun Vives Emprega de xaneiro a decembro de 2019 a cargo da partida 231.489.
2. De conformidade co artigo 56 do RD 887/2006, a contía total máxima que figura no convenio terá carácter estimado, quedando condicionada a concesión e o correspondente o recoñecemento de obriga á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da xustificación presentada pola entidade beneficiaria.
3. O pagamento íntegro da subvención será efectiva unha vez realizada a actividade subvencionada, previa presentación da documentación xustificativa da mesma, no prazo sinalado na cláusula Quinta.
4. A Fundación Acción contra el Hambre xustificará o importe dos gastos efectivamente executados por ela, presentando a documentación oportuna no prazo de tres meses tras a realización da actividade.

TERCEIRA.- *Obrigacións do Concello de Vilagarcía de Arousa*

1. Autorizar o uso de forma gratuita e temporal por parte de Acción Contra el Hambre dos espazos adecuados ao desenvolvemento do Proxecto VIVES EMPREGA para as actividades de formación grupais, e de un posto de traballo adecuado ao asesoramento personalizado. Na medida das posibilidades, estes espazos estarán adaptados para persoas con mobilidade reducida.
2. Estes espazos municipais que se designen localizaranse no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa. En calquera caso, de mutuo acordo entre as partes, o Concello poderá designar outra instalación municipal que cumpla cos requirimentos de espazo e de outro tipo acordados neste Convenio. Igualmente, de non dispoñer o Concello de Vilagarcía de Arousa de instalacións adecuadas poderase alugar un posto dedicado á ubicación da persoa coordinadora do proxecto.
3. Prover dos servizos básicos (saneamento, auga, luz, calefacción, etc.) ao espazo para o desenvolvemento do Proxecto VIVES EMPREGA, así como de sinal de Internet e teléfono.
4. Apoiar na difusión das actividades co obxectivo de dispoñer de un número de persoas candidatas suficientes para poder realizar un proceso de selección de persoas usuarias do proxecto.

5. Participar no proceso de derivación de posibles persoas participantes do proxecto sempre respectando o perfil de persoas usuarias facilitado por Acción contra el Hambre que respecta os termos establecidos polo Fondo Social Europeo para esta actividade.

CUARTA.- Obrigas da Fundación Acción contra el Hambre.

1. Coordinar a posta en marcha, desenvolvemento e avaliación do proxecto, seguindo a descripción establecida no Anexo I.
2. Dedicar os recursos humanos e técnicos necesarios e suficientes para o bo desenvolvemento da actividade plantexada. Os recursos son:
3. Unha persoa coordinadora do proxecto (Técnico/a de inclusión- emprego) que desenvolverá as actividades de maneira directa coas persoas participantes e se situará nas instalacións cedidas polo Concello de Vilagarcía de Arousa.
4. Un equipo de coordinación que desenvolverá as actividades de seguimento e apoio ás actividades do proxecto dende a sede de Acción contra el Hambre en Madrid.
5. Unha metodoloxía de traballo o os materiais necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto e a consecución dos seus obxectivos.
6. O equipo de coordinación de VIVES PROYECTO manterá en todo momento un seguimento de todas as fases das actividades. Este equipo será o referente para as persoas participantes do proxecto.
7. A entidade comprométese á entrega das memorias técnicas precisas en relación ao desenvolvemento das actividades durante o período de execución, cos seguintes puntos básicos:
 1. Introducción/Xustificación
 2. Objetivos
 3. Programación: actividades/servizos desenvoltos
 4. Persoas destinatarias/beneficiarias
 5. Temporalización
 6. Recursos utilizados (humanos e materiais)
 7. Avaliación e conclusións

QUINTA.- Xustificación

1. A xustificación deberá presentarse o antes posible no Concello, sempre e cando contén con documentación suficiente para xustificar a cantidade concedida a través do presente convenio e a de tódalas subvencións concedidas. Non obstante, a data límite da documentación xustificativa é o 15 de decembro 2019.

2. A entidade, a través de instancia dirixida aos Servizos Sociais (modelo anexo), deberá presentar no Rregistro Xeral do Concello a seguinte documentación xustificativa:
 - a. Memoria técnica do desenvolvemento das actividades da entidade a data da presentación da xustificación, asinada polo representante legal da entidade
 - b. Anexo II-Memoria económica xustificativa do custo segundo o Modelo de Conta xustificativa de subvencións, asinada polo representante legal da entidade, que conterá:
 - Relación de gastos realizados no proxecto subvencionado, con identificación da factura, importe e provedor por importe suficiente para xustificar a subvención nominativa do Concello e facturas ou anexos III para xustificar outras subvencións públicas recibidas.
 - Relación detalladas dos ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo todas as subvencións públicas concedidas) con indicación do seu importe e procedencia.
 - Declaracións segundo os puntos b) ata f).
 - c. Anexo III- Certificación de subvencións públicas solicitadas/concedidas.
 - d. Anexo IV- Relación de facturas/gastos para xustificar subvencións doutras Administracións Públicas, seguindo as seguintes instrucións:
 - a xustificación doutras subvencións públicas realizarase a través da presentación do Anexo IV, presentando un anexo por cada organismo público do que se teña concedida axuda/subvención.
 - De non ter presentada a documentación xustificativa noutros organismos públicos, aportarase igualmente o citado Anexo IV coa relación de facturas afectadas ás citadas subvencións ou indicación de que a actividade non está realizada.
 - e. Balance de ingresos e gastos realizados ata o momento de presentación da xustificación (anexo V).

No caso de ter recibidas outras subvencións públicas para o mesmo proxecto, deberá reflectirse a relación de gastos e ingresos na memoria económica xustificativa.

- c. Anexo III- Certificación de subvencións públicas solicitadas/concedidas.
- d. Anexo IV- Relación de facturas/gastos para xustificar subvencións doutras Administracións Públicas, seguindo as seguintes instrucións:
 - a xustificación doutras subvencións públicas realizarase a través da presentación do Anexo IV, presentando un anexo por cada organismo público do que se teña concedida axuda/subvención.
 - De non ter presentada a documentación xustificativa noutros organismos públicos, aportarase igualmente o citado Anexo IV coa relación de facturas afectadas ás citadas subvencións ou indicación de que a actividade non está realizada.
- e. Balance de ingresos e gastos realizados ata o momento de presentación da xustificación (anexo V).

- f. Certificados de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social). Os certificados deberán ter unha validez suficiente para a tramitación do expediente.
- g. Autorización ao Concello a Consultar os datos tributarios que a Entidade mantén coa Recadación Municipal.
- h. Certificación bancaria do número de conta.
- i. Fotocopia DNI do/da representante da Entidade.
- j. Fotocopia do NIF da entidade.
- k. Certificación expedida polo secretario/a da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade ou documento de nomeamento da mesma.
- l. Facturas orixinais ou fotocopia compulsada das mesmas, cos requisitos establecidos no R.D. 1496/2003, xustificativas do gasto subvencionado dende o 16 de outubro de 2017 ata o 15 de outubro de 2018. Como mínimo conterán:
 - nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
 - Denominación social, nif e domicilio de quen expide a factura e do destinatario
 - Descripción detalla (concepto, servizo..) e data de realización da operación.
 - Importe, desglose do IVE con indicación do tipo aplicable e total.
Non se admitirán facturas no que se faga constar “IVE incluído”.
 - Recargos, descontos e retencións aplicables.
- m. Ademais nas facturas, deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:
 - En todas as facturas deberá aparecer conciuntamente as seguintes indicacións:
 1. “pagado” ou “recibín”,
 2. data do pago

3. firma e identificación da mesma (dni ou nome completo de que asina)
 4. Selo da empresa.
- Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá aportarse extracto bancario co selo orixinal do banco que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario. Tamén poderá presentarse unha fotocopia compulsada do extracto bancario co selo orixinal.
 - As operacións cun importe superior aos 2.500 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto no artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente. Esta previsto a modificación deste límite, pasando de 2.500 € a 1.000 €, polo que a Entidade deberá ter presente esta modificación aos efectos do cumprimento da lexislación vixente en materia de pagos en efectivo.

No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique e se explique a porcentaxe aplicable á actividade.

Unha vez finalizado o exercicio 2019, a documentación económica correspondente á totalidade da actividade deberá estar a disposición dos órganos do Concello que precisen realizar labores de comprobación e/ou fiscalización.

SEXTA.- Uso de signos distintivos e imaxes.

O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a utilizar os logotipos de Acción contra el Hambre e o Fondo Social Europeo na documentación, ferramentas de comunicación e demais elementos susceptibles de ser accesibles a terceiros, do modo que se recolle no Anexo II. *Normativa uso de logotipos.*

Cada unha das Partes poderá informar publicamente da existencia e execución do presente Convenio usando, de maneira leal e respectuosa, os signos distintivos da outra ou as fotografías ou nomes dos empregados e/ou representantes da outra.

Neste sentido, cada Parte declara e garante que é titular ou ten título ou o poder suficiente para permitir á outra a utilización dos referidos signos distintivos, nomes, dereitos de imaxe ou de calquera outro ben protexido polas normas en materia de propiedade industrial e intelectual e dereitos de imaxe.

A utilización dos signos distintivos deberá facerse conforme ao formato que, ao efecto, facilitará a titular ou que se exhiba na súa páxina web e sempre sen alterar ou modificar o seu aspecto e exclusivamente para os fins previstos no presente Convenio.

En caso de utilización dos signos distintivos ou imaxes da outra Parte xunto cos de terceiros (por exemplo, en páxinas web, artigos, memorias ou catálogos), a Parte correspondente asegurarase de que non haxa risco de asociación ou confusión indebida.

SEPTIMA.- *Publicidade.*

1. As Partes poderán informar publicamente e sempre de modo leal da existencia e cumprimento do Convenio, na medida e medios que consideren oportunos.
2. Así mesmo, as Partes poderán publicar e divulgar do modo que estimen máis conveniente e sempre de maneira leal, os resultados das actividades desenvolvidas no marco do Convenio. Deberán informar a outra parte de elo antes da publicación en caso de que esta poida ter particular relevancia. A tal fin, a Parte que publica facilitará unha copia do texto completo e imaxes á outra, que non denegará o seu consentimento de maneira irrazoable. En caso de non obter resposta nos tres días hábiles seguintes á comunicación, a autorización entenderase concedida.

OITAVA.- *Inicio e duración do Convenio.*

O Convenio obriga ás Partes desde o día 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019. O Convenio poderá renovarse, previo acordo mutuo e con unha antelación de dous meses á súa finalización a través da firma de un anexo que recolla o novo prazo así como as modificacións que se acorden entre as partes.

NOVENA.- *Confidencialidade.*

1. As Partes poderán revelarse determinada información relativa ás súas actividades, así como de desenvolvemento e materiais, sempre que todo elo sexa necesario para a consecución do Convenio.

2. As Partes acordan que a información que se revelen mutuamente (salvo que sexa de dominio público, que a se coñecera pola outra parte ou que revele a un terceiro por requerimento legal con obriga de ser atendido) terá a consideración de confidencial, polo que se comprometen a gardar o máis absoluto secreto sobre a información da outra parte a que teñan acceso, en cumprimento do Convenio.
3. Os deberes de confidencialidade que as Partes asumen en virtude do Convenio permanecerán en vigor tras a extinción do mesmo por calquera causa, salvo que sexan dados a coñecer por quen sexa o titular do secreto ou a información confidencial.
4. As Partes comprométense a devolverse ou destruír a información confidencial no momento da extinción do Convenio, sen que se necesite requerimento previo para elo.
5. O previsto na presente Cláusula entenderase sen prexuízo da revelación que resulte da publicación de información non confidencial en virtude da Cláusula Sexta.

DÉCIMA.- *Protección de datos.*

1. En cumprimento do disposto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, ambas as partes informan os intervinetes de que os datos persoais que figuran neste Convenio e os que se deriven da relación, serán tratados polas partes coa finalidade de mantemento da relación contractual. A base xurídica para o tratamiento dos datos é a correcta execución do presente contrato. Devanditos datos son necesarios, de tal forma que de non ser facilitados non se poderá crear a relación desexada entre as partes.

Os datos conservaranse mentres se manteña lle relación mercantil e non se solicite a súa supresión, e, en calquera caso, en cumprimento de prazos legais de prescripción que lle resulten de aplicación. Non se cederán datos a terceiros nin se realizarán transferencias internacionais de datos, salvo obligación legal.

Os interesados poderán exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidad e a limitación ou oposición dirixíndose por escrito aos domicilios de cada unha das partes que figuran no presente contrato.

Así mesmo, os interesados teñen dereito a reclamar ante a Autoridade de Control (Agencia Española de Protección de Datos: www.agpd.es).

Datos dos Responsables de Tratamento	
Denominación social: ACCIÓN CONTRA EL HAMBRE.	Denominación social: _____ NIF: _____

NIF: G-81164105. Dirección: Calle Duque de Sevilla, nº 3, 28002 de Madrid. Teléfono: 34 91 391 53 00. Email: datosaccionesocial@accioncontraelhambre.org.	Dirección: _____ Teléfono: _____. Email: _____.
---	---

2. As partes comprométense a cumplir co procedemento detallado no Anexo III. Acceso e tratamento de datos.

3. O desenvolvemento do programas obxecto do presente CONVENIO implica un acceso físico aos locais nos que se atopan os datos persoais do Concello por parte do persoal de Acción Contra a Fame. Prohibese o acceso a todo tipo de información confidencial e, en concreto, aos datos de carácter persoal pertencentes ao Concello por parte de Acción Contra a Fame. Non obstante o anterior, no caso de que chegase a coñecer calquera tipo de información confidencial con obxecto da prestación do servizo, comprométese a gardar segredo respecto da mesma, non divulgalá nin publicala, ben directamente, ben a través de terceiras persoas ou empresas, ou a poñela a disposición de terceiros. Esta obrigación de confidencialidade ten carácter indefinido, subsistindo á finalización do presente Contrato por calquera causa. Acción Contra a Fame comprométese a comunicar e a facer cumprir ao persoal ao seu cargo e contratado pola súa conta, as obrigacións establecidas no presente Convenio. Ningunha das partes asume responsabilidade algúnhia por calquera incumprimento da normativa vixente de protección de datos pola outra parte.

No caso de que o Acción Contra a Fame comunique os datos ou os utilice incumprindo as estipulacións do presente contrato responderá das accións en que incorrese persoalmente. En cumprimento do disposto na normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, o Concello e Acción Contra a Fame informan os intervenientes de que os datos persoais que figuran neste Convenio e os que se deriven da relación, serán tratados por cada unha das partes. A base para o tratamento dos datos é a correcta execución do contrato asinado entre as partes. É necesario facilitar devanditos datos pois en caso contrario non sería posible xestionar a relación contractual. Os datos conservaranse mentres se manteña lle relación e non se solicite a súa supresión e en calquera caso en cumprimento de prazos legais de prescripción que lle resulten de aplicación.

Non se cederán datos a terceiros, salvo obligación legal, nin están previstas transferencias internacionais dos devanditos datos.

Os interesados poden exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidad e a limitación ou oposición dirixíndose por escrito aos domicilios de cada unha das partes que figuran no encabezado do presente contrato. Así mesmo, os interesados teñen dereito a reclamar ante a Autoridade de Control (Axencia Española de Protección de Datos: www.agpd.es).

UNDÉCIMA.- Terminación, resolución e modificación.

1. O Convenio poderá terminarse, en calquera momento, polo mutuo acordo das Partes.
2. O incumplimento de calquera das condicións establecidas no Convenio por unha das Partes facultará á outra para resolvélo. A Parte prexudicada deberá comunicar á outra tanto o feito que supón, ao seu xuízo, o incumplimento, como a súa intención de resolver o Convenio se persiste na súa actitude, cunha antelación mínima de un mes. Durante este tempo, quedará en suspenso o Convenio e a parte incumpridora poderá subsanar o feito denunciado. Transcorrido dito prazo de un mes sen que se teña subsanado a causa que deu lugar á denuncia, o Convenio quedará resolto de forma automática.
3. As Partes no serán responsables polo incumplimento, total ou parcial, das obrigas que resulten do Convenio cando elo se deba a caso fortuito ou forza maior. Nestes casos, o Convenio poderá quedar en suspenso polo período ao que o caso fortuito ou a forza maior obxectivos obligasen. Se este período excedera dos seis meses, o Convenio quedaría automaticamente terminado.
4. Así mesmo, cada Parte poderá terminar inmediatamente o presente Convenio se a outra cometiera actividades contrarias aos fins, filosofía, valores ou deontoloxía da outra; ou se vise envolta nun escándalo ou incursa en procedemento xudicial, arbitral ou administrativo que, pola súa natureza, relevancia ou notoriedade, pudera danar ou comprometer o bo nome, imaxe ou reputación de aquela.
5. A terminación do Convenio conforme ao previsto na presente Cláusula ou de acordo proceda en Dereito non determinará que a parte que inste á terminación deba indemnizar á outra, calquera que sexa o concepto.
6. Os acordos contemplados no Convenio poderán modificarse en calquera momento por mutuo acordo das Partes manifestado de forma expresa.

DUODÉCIMA.- Lei aplicable e sometemento a foro.

O presente Convenio réxese pola lei española. Ambas partes de acordo interveñen e con renuncia expresa a calquera foro que puidera corresponderelles, sométense aos xulgados e Tribunais de Madrid capital para a solución das controversias que puideran xurdir con relación á interpretación, execución e cumprimento de este convenio.

E en proba de conformidade, o firman as Partes por duplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Alcalde Presidente do Concello de
Vilagarcía de Arousa

O Director de Acción Social en
España e Cooperación
Descentralizada da Fundación
Acción Contra el Hambre

D. Alberto Varela Paz

D. Luis González Muñoz

Relación de Anexos ao convenio

- *Anexo I Memoria Proxecto VIVES EMPREGA*
- *Anexo II Normativa uso de logotipos*
- *Anexo III. Acceso e tratamento de datos.*